



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### VAL DO DUBRA

*Convocatoria selección brigada de incendios 2026*

#### ANUNCIO

Bases de selección de Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais (5 prazas), co número de expediente 2026/E001/000018, aprobadas por avocación de competencias da xunta de goberno local, por resolución de alcaldía número 509/2026 de 25 de xuño de 2026.

**BASES PARA A PROVISIÓN DE 5 PRAZAS DE PERSOAL LABORAL DE PEÓN DE BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS (3 PRAZAS DE PEÓN DE BRIGADA E 1 PRAZA DE PEÓN CONDUTOR E UN XEFE DE BRIGADA).**

#### 1.- OBXECTO.

O obxecto das presentes bases é regular o proceso selectivo para cubrir, como persoal laboral temporal mediante concurso-oposición, unha praza de xefe de brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, tres prazas de peón e unha praza de peón condutor, ao abeiro do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local Val do Dubra. Esta contratación realízase ao abeiro do Convenio interadministrativo, asinado o día 22 de abril de 2025, entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Val do Dubra, para o desenvolvemento de actuacións de prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2025-2026.

O programa está financiado parcialmente polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do Plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023-2027. O procedemento de selección que se sinala nestas bases axustarase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP), a Lei 7/1985, do 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e demais disposicións de pertinente aplicación.

O ámbito de actuación da brigada de prevención e defensa contra incendios será o municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable, o persoal da brigada municipal participe nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48.6 da Lei 3/2007 e o Pladiga.

#### 2.- TEMPO, DURACIÓN E MODALIDADE DO CONTRATO.

As persoas seleccionadas serán contratadas como persoal laboral temporal para a execución do programa de carácter temporal denominado Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Val do Dubra 2026.

A duración do contrato será de **tres (3) meses**, que se contarán desde a data da sinatura do contrato.

Os postos están dotados coas seguintes retribucións (incluído o rateo das pagas extras), fixadas para o grupo C3/AGP no anexo do convenio colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Val do Dubra (BOP núm.221, do 15.11.2024) coas actualizacións legalmente establecidas:

**Xefe de brigada: 1.686,24 €**

**Peón condutor : 1.445,84 €**

**Peóns/Peoas forestais: 1.445,84 €**

#### 3.- REQUISITOS E CONDICIÓNS ESIXIDAS AOS/ÁS CANDIDATOS/AS.

##### 3.1 Requisitos xerais:

- Idade: Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación.
- Titulación: Requirida para cada posto.
- Nacionalidade: Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado, ao que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, a/o cónxuxe das persoas de nacionalidade española ou dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o preveña o correspondente tratado, e os nacionais dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es, sempre que non estean separadas de dereito, así como ás/aos descendentes de ámbolos cónxuxes, de menos de vinte e un anos ou maiores desta idade que vivan ás súas expensas.

d) Capacidade: Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións (**informe ou certificado médico que acredite que non se padece ningunha enfermidade nin problema físico e psíquico; así mesmo deberase acreditar que o candidato pode realizar a proba de esforzo, detallada nas presentes bases**).

e) Habilitación: Non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

f) Incompatibilidade: Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

g) Coñecemento da lingua galega: Estar en posesión do Celga 4 ou equivalente para o posto de bombeiro forestal e estar en posesión do Celga 1 ou equivalente, para os postos de operadores de maquinaria forestal móbil e peóns e peoas forestais. De non acreditarse o coñecemento do galego por esta vía, será obrigatoria a realización dunha proba de galego. Este exercicio será cualificado como “apto” ou “non apto” (artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia).

### 3.2 Requisitos específicos:

#### Peón forestal:

Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente, e estar en posesión do Celga 1 ou equivalente.

#### Peón condutor:

Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente, e estar en posesión do Celga 1 ou equivalente. Estar en posesión do carné de conducir B.

#### Xefe de brigada:

Debe estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: enxeñeiro de montes, enxeñeiro técnico forestal, técnico superior en xestión forestal e do medio natural, técnico en aproveitamento e conservación do medio natural, técnico en emerxencias e protección civil ou formación profesional equivalente. Ademais terá o carné de conducir B. Estar en posesión do Celga 4. As persoas seleccionadas para as cinco prazas deberán realizar un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas de duración, que será impartido por persoal competente na materia.

Este curso será obrigatorio aínda que os compoñentes da brigada xa o recibisen en anos anteriores.

### 4.- FUNCÍONS.

As funcións e tarefas a realizar serán as seguintes:

-As propias da brigada de prevención e defensa contra incendios, conforme aos programas de traballos que aprobe a comisión de seguimento do convenio.

O persoal integrárase no dispositivo do Distrito Forestal, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais e o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (en diante Pladiga).

-Cando concorran razóns extraordinarias, poderán colaborar na defensa de incendios declarados noutros ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da correspondente indemnización polos gastos ocasionados.

-Labores encamiñadas á prevención que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios, no caso de producirse. Estes traballos desenvolveranse en faixas de xestión de biomasa ou nos terreos forestais de titularidade municipal ou de propietario descoñecido, así como en vías e camiños forestais da súa titularidade cando non sexa posible mecanizar estes traballos.

Os traballos consistirán en actuacións manuais en vías e camiños forestais, áreas cortalumes e faixas de xestión de biomasa mediante roza, rareo e eliminación de restos, cun mínimo de 5 ha nos tres meses de operatividade da brigada ou

a súa parte proporcional. Os restos procedentes destes traballos trituraranse mecanicamente, ou no caso de que non fora tecnicamente posible, poderán quedar acordados.

-Os traballos de extinción de incendios forestais serán prioritarios con respecto aos traballos de prevención.

## 5.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

### Concurso-oposición.

Garantirase a publicidade da convocatoria, así como o cumprimento dos principios de libre concorrência, mérito e capacidade. As instancias solicitando formar parte no proceso selectivo dirixiranse ao Sr. alcalde do Concello de Val do Dubra. Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Val do Dubra, debidamente cubertas segundo o anexo I, durante o prazo de **5 (cinco) días naturais** que se contarán desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*. Poderán, así mesmo, remitirse na forma determinada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Se se opta pola presentación noutros rexistros, deberá remitirse copia da instancia ao **endereço electrónico correo@valdodubra.gal ao Concello de Val do Dubra** o mesmo día de presentación no rexistro correspondente.

### Xunto coa instancia presentarase a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI do interesado.
- Titulación académica requirida para cada posto.
- Relación de méritos que se alegan, xunto coa acreditación documental dos mesmos.
- Acreditación do coñecemento da lingua galega, de ser o caso.
- Permiso de conducir tipo B, de ser o caso.
- Informe ou certificado médico que acredite que non se padece ningunha enfermidade nin problema físico e psíquico, así mesmo deberase acreditar que o candidato pode realizar a proba de esforzo.

Rematado o prazo de presentación de instancias, por Resolución da Alcaldía, aprobarase a listaxe provisional de admitidos/as e excluído/as, que se publicará no taboleiro de anuncios do concello, outorgando un prazo de **2 días hábiles** para correccións ou emendas de defectos.

De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a listaxe de admitidos.

Transcorrido o prazo de reclamacións, deberá tomarse novo acordo estimando ou desestimando as alegacións, coa posterior publicación da listaxe definitiva no taboleiro de anuncios do concello.

## 6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal cualificador estará constituído polo persoal que estableza ao efecto a resolución que se dite, debendo axustarse ao establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que celebre o tribunal, o/a secretario/a redactará a correspondente acta.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, RXSP. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 do mesmo texto legal.

O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan aparecer durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso en todo o que non estea previsto nas bases.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas cando as circunstancias ou a valoración dos méritos así o aconselle.

O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de postos convocados, aínda que co resto de participantes non seleccionados se establecerá unha listaxe de agarda para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse.

O tribunal cualificador adoptará as medidas necesarias para establecer as adaptacións e axustes razoables, tanto en tempos como en medios, no proceso selectivo para os aspirantes con discapacidade, cando así se indicase polo/a interesado/a na solicitude de participación no proceso de selección.

A resolución que conteña a composición do tribunal e a data, hora e lugar da valoración dos méritos e da proba práctica, publicarase no taboleiro de edictos do concello.

## 7.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección é o de **concurso-oposición**.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos da oposición os que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo tribunal.

En calquera momento o tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou permiso de conducir.

**a) FASE DE OPOSICIÓN:** Puntuación máxima 10 puntos.

A fase de oposición consistirá na realización dos seguintes exercicios:

**1º exercicio:** Proba de Galego (Só para as persoas que non acrediten o galego).

En aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos básicos en lingua galega (Celga 4/ Celga 1 ou equivalente) deberán realizar unha proba que terá carácter obrigatorio e eliminatorio. O exercicio será cualificado de apto ou non apto.

Quedarán exentos da realización desta proba aquelas persoas que acrediten, coa presentación da instancia, estar en posesión do Celga 4/Celga 1 ou equivalente. Esta proba non sumará puntos na fase de oposición, sendo simplemente unha proba para determinar o cumprimento do requisito de coñecemento da lingua galega.

**2º exercicio:** Proba física de esforzo de carácter **obligatorio e eliminatorio**. A súa cualificación será apto/non apto e só se permite un intento. A proba física que se realizará será a denominada "Proba do Banco".

Emprégase un banco de 40 cm. de altura para homes e 33 cm. para mulleres, co que se subirá e baixará a razón de 90 movementos por minuto (22,5 veces/minuto) durante un período de cinco minutos. O ritmo márcase cun metrónomo. Unha vez finalizado este tempo a persoa que realizou o exercicio repousará quince segundos e unha vez finalizados tomaráselle o pulso cun pulsímetro no dedo índice, tomando o resultado transcorridos quince segundos. A proba realizarase nun local tranquilo, que será determinado polo concello cando se nomee ao tribunal cualificador. Cos datos obtidos, idade, peso e pulsacións, pasaranse ás táboas e determinarase a capacidade aeróbica. Cualificarase como apto-a/non apto-a. Antes da súa realización, darase información detallada aos aspirantes do desenvolvemento e forma de valoración da proba a realizar. Para tal efecto, os aspirantes deberán asinar unha declaración conforme ao seguinte modelo: "Que coñece e foi informado do desenvolvemento e forma de valoración da proba de aptitude física a realizar -a proba do banco-. - Que, en consonancia e reiterando a instancia de participación xa presentada, declara baixo a súa responsabilidade que reúne as condicións físicas e de saúde necesarias para a realización da proba de aptitude física -a proba do banco-".

Os candidatos que superen a proba física, realizarán a proba teórica.

**3º exercicio:** Exame teórico de carácter obrigatorio e eliminatorio, que consistirá en responder a un cuestionario a desenvolver no tempo máximo de 60 minutos, referentes ao temario que figura como anexo II a esta convocatoria. Este exercicio valorarase cun máximo de 10 (dez) puntos.

Os candidatos que non alcancen un **mínimo de 5 puntos nesta proba serán considerados como non aptos**.

**A) FASE DE CONCURSO:** puntuación máxima 5 puntos.

**1. EXPERIENCIA PROFESIONAL:** puntuación máxima 2,50 puntos.

a) Experiencia profesional en traballos como peón de brigada contra incendios forestais en administracións públicas: 0,30 puntos por mes, cun máximo por este concepto de 1,50 puntos.

b) Experiencia profesional en traballos como peón de brigada contra incendios forestais en empresas públicas ou privadas do sector: 0,10 puntos por mes, cun máximo por este concepto de 1 punto.

A experiencia profesional acreditarase coa copia dos contratos de traballo ou certificado de empresa e informe da vida laboral actualizado (ámbalas dúas).

**2. CURSOS RELACIONADOS COAS FUNCIÓNS A DESEMPEÑAR:** puntuación máxima 1,50 puntos. NON SE VALORARÁN OS CURSOS DE MENOS DE 50 HORAS.

- Pola participación ou asistencia a cursos (non se valorarán xornadas, seminarios ou simposios), relacionados co posto a desempeñar, organizados por universidades, escolas de administración pública, organismos de titularidade pública, ou demais entes de similar condición á anterior, ata un máximo de 1,50 puntos, de acordo coa seguinte valoración en proporción ao número de horas acreditadas:

- Duración igual ou superior a 50 horas, a razón de 0,25 puntos/curso.
- Duración igual ou superior a 150 horas, a razón de 0,50 puntos/curso.
- Duración igual ou superior a 300 horas, a razón de 0,75 puntos/curso.

Acreditarase a formación coa copia dos diplomas dos cursos realizados. Os cursos que non acrediten número de horas, non serán tidos en conta para a valoración. **Non se valorarán os cursos teóricos-práctico de formación sobre prevención e defensa contra incendios forestais de duración de 16 horas.**

### 3. COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO: puntuación máxima 1 punto.

Por cursos oficiais de lingua galega ou validación correspondente:

- Curso medio de linguaxe administrativa: 0,75 puntos.
- Curso superior de linguaxe administrativa: 1 punto.

No caso de posuír mais dun curso dos enumerados, valorarase soamente o de maior puntuación.

Acreditarase este apartado coa copia compulsada dos cursos ou da validación correspondente.

Os puntos obtidos na fase de concurso, sendo a puntuación máxima a outorgar nesta fase de 5 puntos, sumaranse á puntuación obtida na fase de oposición aos efectos de establecer a orde definitiva para formación da listaxe de agarda. De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

1. Puntuación obtida no exercicio 3 da fase de oposición.
2. Puntuación obtida no apartado 1 da fase de concurso (experiencia profesional).
3. Puntuación obtida no apartado 2 da fase de concurso (cursos).

Debido á especificidade dos traballos a realizar, os compoñentes seleccionados para formar parte da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais terán unhas condicións axeitadas de saúde e aptitude física, que acreditarán, ademais da realización da proba física de esforzo obrigatoria e eliminatória, cun recoñecemento médico, realizado por unha empresa externa, sen que poidan ser contratados os candidatos que non obteñan o resultado de apto no dito recoñecemento.

### 8. PROPOSTA DE NOMEAMENTO E CONTRATACIÓN.

Finalizado o procedemento selectivo, e establecida polo Tribunal a orde de preferencia dos candidatos segundo a puntuación obtida no dito proceso e o resultado dos recoñecementos médicos efectuados, publicarase a listaxe das persoas seleccionadas no taboleiro de anuncios do concello, non podendo declarar que foron seleccionados un número maior de aspirantes ao de postos de traballo convocados, e o mesmo elevará a devandita relación á Alcaldía-Presidencia que ditará resolución de contratación.

### 9.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO E PERÍODO DE PROBA.

No tempo que medie entre a formalización do respectivo contrato e a incorporación do candidato ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

Os membros da brigada de prevención e defensa contra incendios que se contraten recibirán unha formación en materia de incendios forestais e de seguridade e prevención de riscos, que garanta o apropiado cumprimento das súas funcións.

Os candidatos serán requiridos para que presenten, no prazo de **2 días naturais**, desde que se dite a resolución de contratación, a seguinte documentación:

- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- Declaración do número de conta bancaria (IBAN).

As persoas contratadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada laboral na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, quedando sometidas a un período de proba, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estarán suxeitas á lexislación laboral pertinente.

### 10.- LISTAXE DE AGARDA.

Ao remate do proceso selectivo, elaborárase unha listaxe de agarda coas persoas aspirantes presentadas ao dito proceso por orde de puntuación, que terá vixencia durante o período de contratación.

As persoas que formen parte desta listaxe poderán ser chamadas por rigoroso orde de puntuación para a cobertura do posto obxecto da convocatoria, polo motivo de renuncia da persoa seleccionada, impedimento para ser contratado e outras circunstancias análogas que se poidan producir.

A duración da listaxe de agarda será a duración do presente convenio que financia a contratación do persoal.

#### **11.- LEXISLACIÓN.**

En todo o non previsto nestas bases serán de aplicación as seguintes disposicións:

- Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Val do Dubra para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

- Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local; Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril; e o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro e os pactos de aplicación ao persoal funcionario e laboral, así como as normas aplicables ao persoal laboral contidas no Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do emprego público de Galicia. Lei 39/2015, do 1 outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e Lei 40/2015, do 1 outubro, do réxime xurídico do sector público.

- Os Procedementos de Selección de Persoal na Extinción de Incendios elaborados pola Comisión Técnica de Normalización CLIF-DGCN/CCAA publicados polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Val do Dubra, 25 de xuño de 2026

O alcalde./Diego Luís Díaz Méndez

**ANEXO I SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BRIGADA DE INCENDIOS FORESTAIS.**

DON/DONA ....., con DNI.....  
....., e con enderezo a efectos de notificacións .....  
....., e número de teléfono ....., **SOLICITO:**

Que se teña por presentada esta solicitude e ser admitido nos procesos seguintes:

- Peón de brigada
- Peón de brigada – condutor
- Xefe de Brigada

Achegando a seguinte documentación:

- Declaración conforme cumpre os requisitos esixidos no artigo 3 das Bases.
- DNI
- Título esixido para tomar parte no procedemento elixido
- Celga 1/Celga 4 ou documento equivalente
- Carné de conducir B (no caso de peón – condutor e xefe de brigada)
- Certificado ou informe médico asinado por un médico colexiado en exercicio no que faga constar que non presenta enfermidade ou discapacidade para o desenvolvemento das funcións do posto e que impida o correcto desenvolvemento dunha proba de esforzo físico (este punto deberá acreditarse correctamente, xa que é imprescindible ter a autorización médica para realizar a proba de esforzo).

-Méritos alegados para a fase de concurso

Val do Dubra,..... de ..... de 2026

SR. ALCALDE-PRESIDENTE

**ANEXO II****TEMARIO**

- A Constitución Española de 1978: dereitos e deberes fundamentais dos españois.
- O municipio. Peculiaridades do Municipio de Val do Dubra.
- Conceptos básicos en prevención de riscos laborais.
- A defensa contra os incendios forestais en Galicia.
- Primeiros auxilios.
- Comportamento do lume. Factores que inflúen na evolución do lume.
- Ferramentas que actúan sobre a calor, sobre o osíxeno e sobre o combustible.

**ANEXO III****DECLARACIÓN**

D./Dona; \_\_\_\_\_ ,

declaro baixo xuramento que;

1º O número do meu DNI é o seguinte; \_\_\_\_\_

2º Que a data de caducidade do mesmo éo seguinte: \_\_\_\_\_

3º Que a data de nacemento é a seguinte;

4º Que reúno todos os requisitos esixidos referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude nas bases de selección, que coñezo e acepto, e que son certos os datos que figuran nesta instancia, e comprométome a xustificalos documentalmente cando sexa requirido para iso.

5º Non estar separado/a ou cesado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas e de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade, así como non padecer enfermidade nin eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto.

6º Declara, baixo a súa responsabilidade que reúne as condicións físicas e de saúde necesarias para a realización da proba de aptitude física (a proba do banco).

2026/4325